

PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES DE RODEIRA





TÁBOA DE CONTIDOS

1. Marco legal	3
2. Contexto sociolingüístico do centro	4
3. Obxectivos xerais	11
4. Distribución de horas das distintas materias	14
5. Medidas adoptadas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas	15
6. Obxectivos e liñas de actuación para o fomento da lingua galega	18
7. Obxectivos e liñas de act. para a mellora da comprensión e expresión en lingua castelá	21
8. Obxectivos e liñas de actuación para fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras	23
8.1. Lingua inglesa	
8.2. Lingua francesa	
9. Obxectivos e liñas de actuación para o fomento das linguas desde a Biblioteca	27
10. Avaliación	31
ADDENDA	
11. Distribución de horas das distintas materias no Curso 2018-19	31



1.- Marco legal

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Aprendizaxe, Ensino, Avaliación. 2002 Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.



2.- Contexto sociolingüístico do centro

A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O instituto de Rodeira está situado no concello de Cangas, unha vila da Península do Morrazo, na costa entre Vigo e Pontevedra.

O uso do galego relaciónase cos avós e avoas, coas actividades tradicionais, vinculadas á pesca, ao mercado, aos lugares de encontro da xente maior. É habitual escoitar falar en galego á xente de mediana idade coa xente maior da familia ou da veciñanza máis próxima pero este uso descende segundo baixa a idade do interlocutor sendo o castelán a lingua máis habitual cando falan con xente moza e nenos e nenas. Esta xeración máis nova fala maioritariamente en castelán.

Existen tamén, aínda que en número menor, familias que desenvolven toda a súa vida en galego e observan de forma maioritaria que os seus fillos e fillas o abandonan ao socializárense na escola por ser o castelán a lingua maioritaria da xente da súa idade e polo tanto a habitual nos lugares de ocio da xente máis nova.

O galego é a lingua empregada no Concello de Cangas, xunto co castelán, tanto no uso escrito coma no oral. Moitas entidades asociativas manteñen o galego como lingua habitual pero o seu uso desaparece case por completo nas actividades dirixidas á xente nova e aos nenos e nenas.

En bares, tendas e comercios é bastante habitual o uso do galego se esa é a lingua do cliente. De todos os xeitos, hai maior resistencia a empregalo na xente máis nova. A proximidade de Vigo e o uso habitual do castelán na súa zona comercial, que o noso alumnado adoita frecuentar, axúdao a fixar o prexuízo de que o galego non é unha lingua axeitada para a cidade e a modernidade.

A escola é o contexto máis galeguizado co que entra en contacto o noso alumnado. Tanto nos colexios de primaria coma nos institutos hai unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á súa normalización en todos os eidos. Esta boa actitude concrétase no seu uso como lingua habitual na documentación dos centros, nas celebracións e actividades e en bastantes clases impartidas en galego, sendo recibido con total normalidade polo alumnado e as súas familias.

Pola súa historia a vila estivo e está vinculada a outras linguas, ademais do castelán e do galego, xa que moitos pais de familia tiveron que emigrar a Europa (Alemaña, Inglaterra, Suíza, Francia,...) ou a América para buscar o seu sustento, sentíndose a necesidade de aprender linguas diferentes das vernáculas. En moitas ocasións, levaron as súas familias con eles. Na actualidade, bo número deses emigrantes retornaron mais manteñen lazos emocionais e/ou a parte das súas familias no estranxeiro.

Outros homes navegaron en barcos con tripulacións de varios países polo que se habituaron a empregar pidgins que mesturan expresións de varios idiomas, algúns deles incorporados á fala local.

Paralelamente, Cangas sempre foi terra de acollida dos mariñeiros dos barcos que chegaron ó seu porto e converteuse nos últimos anos nunha vila de recepción de colectivos de inmigrantes



de diferentes nacionalidades, en busca de mellores condicións de vida: marroquís, romaneses, habitantes de países suramericanos que empregan quechua, etc.

Puntos débiles:

- Un proceso de desgaleguización nas xeracións con menos de 50 anos que se intensifica de forma alarmante nos menores de 30, moi en especial no centro urbano de Cangas sobre o que Vigo exerce unha importante influencia.
 - As características propias do galego de Cangas, con gheada e seseo, dificultan a identificación do galego aprendido polas xeracións máis novas na escola co galego falado.
 - Mesmo as xeracións que empregan o galego habitualmente manteñen o hábito de cambiar ao castelán cando falan coa xente nova e con nenos e nenas.
 - É moi difícil atopar, no centro de Cangas, actividades de lecer para nenos e nenas e xente nova que utilicen o galego como lingua.
- En moitas ocasións as linguas estranxeiras están asociadas á emigración e á morriña polo afastamento da terra e a dureza da vida fóra da casa.

Puntos fortes:

- O galego mantense como lingua ambiental e aínda que a grande maioría de pais e nais non falan o galego cos fillos e fillas e, segundo descendemos en idade, tampouco entre eles, son moi poucos os nenos e nenas que non teñen ao seu redor alguén que fale en galego: avós, tías, veciños... escoitándoo falar entre a xente maior na rúa, na praza e en moitos comercios.
- O galego é a lingua do Concello e dos políticos e tamén é maioritaria no ensino público. Estes usos cultos son ben asumidos e valorados pola xente de Cangas, contribuíndo ao prestixio da nosa lingua.
- A medida que non afastamos do centro urbano de Cangas medra a presenza do galego no contorno e a súa forza como lingua ambiental, sendo maior o seu uso nas familias, nas tendas, en actividades culturais e deportivas...
- A xente de Cangas é, en xeral, de carácter orgulloso e moi defensora do seu e, aínda que non fale galego, defende maioritariamente a nosa lingua e cultura. Esta actitude positiva favorece o traballo de dinamización lingüística.
- As referencias do uso dun galego normativo e non dialectal na fala son cada vez maiores (profesorado, políticos, TV, radio...). Estas referencias identifícanse, nas xeracións máis desgaleguizadas a nivel social, co galego aprendido na escola, o que lles dá seguridade cando deciden recuperalo. Cada vez resulta menos estraño o uso social dun galego non marcado dialectalmente no que, en xeral, lles resulta máis doado comezar aos neofalantes para ir recuperando máis tarde os trazos dialectais do contexto que os rodea.
- O mundo do mar sempre estivo ligado a que persoas doutras linguas e culturas visitasen Cangas e a que cangueses emigrasen e entrasen en contacto con outras maneiras de ver o mundo, co enriquecemento que isto supón.



-No anecdotario de moitas familias compártense recordos da emigración. Case todas teñen a alguén que aínda vive ou viviu no estranxeiro, polo que existe unha curiosidade por viaxar e coñecer de primeira man os países de acollida.

A SITUACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado do noso centro mantén unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á súa normalización en todos os eidos. Esta boa actitude concrétese no seu uso maioritario como lingua habitual o que garante que se cumpra o obxectivo de impartir en galego o 50% das materias. O nivel de capacitación é bastante bo, tendo en conta que a maioría do profesorado non recibiu ensino en galego nin nos estudos medios nin nos superiores e se formou en cursiños e de forma autodidacta. Isto, xunto ao longo proceso no tempo de fixación de determinados aspectos do noso idioma, produce certa inseguridade.

O profesorado do noso centro mantén unha actitude heteroxénea cara ó estudo e ó emprego das linguas estranxeiras. Os docentes de disciplinas non lingüísticas teñen un nivel de capacitación en lingua estranxeira variado: xunto cunha maioría de profesores que non acadan un B1 en ningunha lingua estranxeira malia tela cursado ó longo de toda a súa escolaridade existe outro colectivo, máis minoritario, que estudou, viaxou ou mesmo se formou por interese propio nas EOI. Amosan coñecementos de xaponés, inglés, alemán, portugués, italiano e/ou francés, mais non sempre teñen certificado un B1. Algúns deles poderían asumir o reto de certificar tal nivel e propor a creación de seccións bilingües, como intentan potenciar os dous departamentos de Linguas Estranxeiras do centro. Na actualidade só existe unha única sección bilingüe de Música en Inglés en Segundo da ESO.

Por parte dos departamentos de inglés e francés existe unha especial sensibilización por potenciar ambas linguas non só nas aulas de ESO e Bacharelato senón tamén por medio de actividades complementarias e/ou extraescolares.

Ademais, o seu compromiso, xunto co interese e apoio dos diferentes equipos directivos fixo posible a oferta e o mantemento en horario vespertino de obradoiros, de ensinanzas non regradas, dentro do “Programa de Aprendizaxe ó longo de toda a vida”(LongLife Learning). Con estudantes moi heteroxéneos, reúnen a alumnado emigrante retornado, persoas que se achegan por primeira vez á lingua ou outros que xa a estudaron no pasado.

Conscientes da necesidade de abrirse a Europa, internacionalizar o centro e potenciar o estudo de linguas estranxeiras, o centro presenta un proxecto Erasmus +, con mobilidades individuais de docentes e equipo directivo. Igualmente continúa solicitando axudas de mobilidade para os estudantes de FP (Grao Medio e Superior).

Puntos fortes:

- A boa disposición da maioría do profesorado e a súa actitude de colaboración para que o noso alumnado adquiera en galego unha competencia plena, semellante á que ten en castelán.



-Actitude activa dos departamentos de linguas estranxeiras que ofertan actividades extraescolares, complementarias e obradoiros de lingua e cultura inglesa e francesa en horario vespertino.

-Interese por formarse de certo grupo de docentes que solicitan mobilidades no marco de Erasmus +: KA1.

Puntos débiles:

- Inseguridade nalgún profesorado no uso formal do galego.
- Escaseza de ferramentas e materiais en galego ou descoñecemento das que existen.
- Actitude variada fronte ás linguas estranxeiras.
- Falta de coñecementos e/ou titulación efectiva dos docentes de disciplinas non lingüísticas, que impide poder responsabilizarse de crear/dar clases en Seccións Bilingües.

A SITUACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado novo do IES de Rodeira utiliza moito máis o castelán que o galego na súa vida cotiá. A maioría ten pouco contacto co galego na casa e na rúa: escóitanllo á xente maior e nalgún programa da TVG; algúns din que o falan cos avós e avoas e con algúns familiares. No ámbito escolar utilizan o galego escrito, leno tan ben como o castelán e escóitanllo ao profesorado. Algúns din falalo co profesorado pero non o falan entre eles nin na aula nin no tempo de lecer. Moito alumnado asegura que é porque se sente inseguro, porque está habituado a falar en castelán e identifica, en liñas xerais, o castelán coa lingua da xente nova.

No alumnado de adultos de maior idade é habitual a situación contraria: o galego é a lingua da súa vida cotiá no rexistro oral pero teñen dificultades na lectura e escritura en galego.

O alumnado do IES de Rodeira amosa un interese irregular pola aprendizaxe de linguas estranxeiras. Moitos deles cantan en inglés, descargan series e /ou películas nesa lingua e buscan en Internet materiais que teñen que ver coas súas motivacións persoais. No ámbito escolar empregan o inglés escrito e o francés escrito nas aulas de lingua estranxeira, sendo máis complexo que perdan o medo ó ridículo e os empreguen de xeito oral. Maioritariamente non son conscientes de que pode ser importante para o seu futuro presentarse ás diferentes oportunidades de certificación das que lles informan as súas profesoras (EOI, Delf scolaire ou Junior, etc.) ou as becas que oferta a Xunta de Galicia.

No centro cóntase cunha auxiliar de conversa esporadicamente de lingua inglesa cuxa misión principal consiste en potenciar ese uso oral da devandita lingua.

Algúns estudantes de FP (Grao Medio e Superior) realizan as súas prácticas en países con outras linguas (inglés, portugués) no marco do proxecto Erasmus+.



Puntos débiles:

- A falta de hábito e a permanencia de prexuízos inconscientes que relacionan o galego exclusivamente coa xente maior e co rural dificultan o uso oral do galego por parte do alumnado, detectándose unha competencia moi inferior ao castelán en expresión oral.
- O alumnado asocia o galego coa xente maior e co profesorado. Faltan modelos sociais de uso do galego entre a xente nova. Faltan contextos xuvenís nos que o uso oral do galego se vexa con normalidade.
- A idade do noso alumnado adolescente lévao a buscar a identificación co grupo e dificulta a toma de decisións persoais contrarias ao que se considera normal na súa idade polo que, aínda querendo, non se sente capaz, pola presión da maioría, de mudar o seu hábito de falar en castelán e non se dá sentido cómodo falando en galego. No alumnado adulto o uso do galego está condicionado ao falante e ao contexto, manténdose prexuízos transmitidos.
- Medo ó ridículo e pervivencia de prexuízos inconscientes levan ó alumnado a non lanzarse a falar en lingua estranxeira cando se lles da a oportunidade.
- Falta de conciencia sobre a importancia de falar linguas estranxeiras dentro do contexto europeo no que vivimos.

Puntos fortes:

- O uso social que aínda se mantén en Cangas e o uso académico axudaron ao noso alumnado a desenvolver competencias en comprensión oral e escrita e en expresión escrita en galego semellantes ás que teñen en castelán.
- Hai unha actitude positiva xeral cara ao galego e a súa normalización nos distintos usos e contextos e unha ausencia total de conflito fronte ao labor dinamizador. A normalización social do galego e a súa utilización no ámbito educativo deféndese como idea, especialmente no alumnado maior (a partir de 4º da ESO). Valoran que o profesorado se comprometa, aceptan de bo grao as clases en galego e participan activamente nas actividades de fomento do uso do galego.
- O alumnado empregan especialmente o inglés fóra da aula: series, cancións, películas en V.O., xogos en liña.
- Hai interese no alumnado por achegarse á lingua portuguesa nas saídas organizadas, e mesmo, nalgúns casos concretos, na realización das prácticas de FP en Portugal.

A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

No IES de Rodeira a lingua galega está presente na documentación, rotulación, taboleiros,... e na páxina web do centro. É tamén a lingua das comunicacións orais e escritas co alumnado, familia e outras institucións. No noso centro toda a documentación está en galego; organízanse moitas actividades e case todas utilizan o galego como lingua, normalmente escrita, para convocatorias, concursos, exposicións... Cumprimos co obxectivo de impartir en galego o 50% de materias en cada aula.



En canto ao persoal non docente, o uso do galego é constante no caso do persoal de limpeza e mantemento, maioritario en conserxería e menos frecuente nos usos orais en secretaría.

Pais e nais aceptan de bo grao as clases e as actividades en galego sen que nunca se producise conflito ningún.

A biblioteca do IES de Rodeira dispón dun espazo físico duns 120 m2 distribuídos nas diferentes zonas establecidas: zona de xestión, espazo de estudo, espazo de informática, espazo de audiovisuais, lugar de traballo en grupo e espazo para lectura informal. Ademais conta cun cuarto adicado ao traballo da coordinadora e que ao tempo serve de almacén.

Na biblioteca do instituto contamos cunha boa dotación de material en galego que vai aumentando tamén no campo da tradución, aínda que segue a ser maioritariamente en castelán, e no material que resulta máis atractivo para a xente nova, especialmente o audiovisual.

O galego é a lingua empregada pola ANPA nas comunicacións formais e as dúas linguas, galego e castelán, conviven como linguas de pais e nais.

Nas actividades extraescolares o uso do galego, castelán, francés ou inglés depende da actividade organizada, aínda que coidamos de que, na medida das posibilidades, a atención ao noso alumnado fóra do centro teña o galego como lingua preferente.

Nas actividades organizadas en Portugal, demandamos que sexa o portugués a lingua empregada polo persoal que fai de guía para facer consciente ao noso alumnado da facilidade que temos para nos entender coa xente de fala portuguesa.

O IES de Rodeira foi a ubicación escollida pola EOI de Vigo para a instalación da súa sección en Cangas. Nela poden estudarse diferentes niveis de lingua inglesa e francesa.

Nas dependencias do IES de Rodeira as linguas estranxeiras están presentes nas portas de entrada que dan a “benvida” ó centro a todas as persoas. Igualmente os nomes das dependencias principais aparecen escritas en 4 linguas diferentes.

O centro conta coa Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE) que constitúe un marco xeral de calidade dentro do Programa Erasmus +. Igualmente ten unha tradición en traballo de linguas: Portfolio Europeo de Linguas, E-portfolio, Proxecto Entels, Proxecto Eufolio, Proxecto ATS 2020.

Dentro das ensinanzas da ESO e de Bacharelato ofértase primeira lingua inglés e francés. Existe unha sección bilingüe de música en inglés en 2º da ESO. O alumnado cursa segunda lingua estranxeira en todos os niveis da ESO e do Bacharelato. En adultos ofértase inglés no ensino regrado. Existen igualmente obradoiros de inglés e francés.

Na Biblioteca do instituto existe unha boa dotación de libros de ficción e CD de audio en lingua estranxeira de temáticas moi variadas.

Puntos fortes:

- Galeguización plena a nivel oral e escrito nos equipos de dirección e limpeza e maioritaria na sala de profesorado.



- Impártense en galego o 50% das materias no ensino regrado. No ensino non regrado hai obradoiros de galego e en galego para maiores de 18 anos, posibilitando o achegamento escrito e formal á nosa lingua dun sector importante da poboación que non aprendeu galego no ensino. Tamén se ofertan obradoiros de linguas estranxeiras e de castelán para estranxeiros.
- Ofértanse actividades complementarias e extraescolares en galego, tanto para o alumnado de día como para o da tarde-noite, que axudan a que o alumnado valore o noso patrimonio cultural e lingüístico.
- Ubicación no centro da EOI de Cangas, Sección da EOI de Vigo.
- Rotulacións plurilingües.
- Existencia de Carta ECHE e participación de docentes e alumnado en Proxectos Europeos.
- Abundante material en lingua estranxeira na Biblioteca do IES de Rodeira.

Puntos débiles:

- Nas actividades organizadas a nivel de centro e desde os departamentos trabállase máis o uso escrito do galego que o oral por parte do alumnado.
- Escasa visibilidade e publicidade da carta ECHE no centro.
- Escasa publicidade dos Proxectos Europeos nos que se participa na Web do centro.



3.- Obxectivos xerais

O artigo 23 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

O artigo 33 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

O artigo 10 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. coñecer mulleres e homes que realizan achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou outras culturas do mundo.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.



- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas

O artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, indica que o bacharelato contribuirá no alumnado a desenvolver as capacidades que lle permitan:

- Analizar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Valora, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O Decreto 79/2010 , do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, pon de manifesto na súa introdución a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertindo da relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés, ao lado do castelán e galego, linguas oficiais de Galicia, e a necesidade dunha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe.

No artigo 3 da devandita norma establécese que nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións humanas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

No Capítulo 1, apartado 1.2, do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas defínense os obxectivos do mesmo segundo os principios xerais do Consello de Europa respecto á lingua e , en particular, o fomento do plurilingüismo en resposta á diversidade lingüística e cultural europea:

- Manter e desenvolver a riqueza e a diversidade da vida cultural europea mediante un mellor coñecemento mutuo das linguas nacionais e rexionais, incluídas as menos estudadas.
- Satisfacer as necesidades dunha Europa multilingüe e multicultural desenvolvendo considerablemente a habilidade dos europeos para comunicarse entre si superando as barreiras lingüísticas e culturais. Para isto requírese que se fomenta o esforzo constante ao longo de toda a vida, que este esforzo teña unha base organizada e que



as entidades competentes financien os medios necesarios en todos os niveis educativos.

- Evitar os perigos que puidera ocasionar a marxinación daqueles que non teñan as destrezas necesarias para comunicarse nunha Europa interactiva.

Tendo en conta estas premisas, na elaboración deste PLC abordaranse os seguintes obxectivos xerais:

- Garantir unha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia
- Adquirir un coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, dentro dun marco legal de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia, seguindo as pautas do marco común europeo.
- Promover a dinamización da lingua galega no centro de ensino
- Mellorar a competencia comunicativa lingüística nas distintas linguas que conforman o currículo escolar.
- Garantir a adquisición da competencia lingüística propia de cada etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia e as demais linguas ofertadas polo centro.
- Facilitar que o alumnado sexa quen de usar indistintamente as dúas linguas oficiais de Galicia tanto en contextos formais coma informais.
- Coñecer, valorar e respectar outras realidades lingüísticas diferentes ás propias.
- Apreciar, valorar e estimular a aprendizaxe das linguas como un medio de enriquecemento persoal que incrementa a competencia comunicativa do noso alumnado.
- Empregar nas distintas actuacións administrativas do centro exclusivamente a lingua galega.
- Potenciar o uso obrigatorio da lingua de referencia en cada unha das materias de lingua impartidas no centro.



4.- Distribución de horas das distintas materias

No artigo 4 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllense os principios a partir dos cales se elabora a distribución de horas das diferentes materias e módulos nas ensinanzas impartidas no noso centro.

ESO

No artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese a distribución das linguas entre as diferentes materias.

- Establécese que as materias de lingua impártense na lingua de referencia.
- As **materias impartidas en galego son Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía.**
- As **materias impartidas en castelán son Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.**

O resto das materias se distribúen na mesma porcentaxe de sesións semanais en galego e castelán (50%, cunha diferenza máxima de dúas sesións).

BACHARELATO

No artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que se establecerá unha oferta equilibrada na distribución das linguas entre as diferentes materias.

CICLOS FORMATIVOS

No artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que se establecerá unha oferta equilibrada na distribución das linguas entre as diferentes materias e módulos que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

RÉXIME DE ADULTOS

No artigo 10 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que o centro garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

Na addenda de cada curso establecerase a relación de materias que se impartirán en cada unha das linguas ao abeiro do Decreto 79/2010.



5.- Medidas adoptadas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas

As medidas da atención á diversidade que se desenvolven no IES de Rodeira no plano lingüístico están orientadas a favorecer no alumnado o desenvolvemento das competencias básicas que lle permitan acadar os obxectivos da educación secundaria obrigatoria. Poden ser de tipo curricular (reforzo, recuperación, ampliación e medidas de apoio e adaptación curricular individualizada (ACI)) ou de tipo organizativo (agrupamentos específicos, apoio aos alumnos/as con necesidades educativas especiais, diversificación curricular).

Ámbalas dúas medidas (curriculares e organizativas) coexisten necesariamente, pois toda medida organizativa implica unha toma de decisións en calquera dos elementos do currículo: obxectivos, contidos, criterios de avaliación e/ou enfoques metodolóxicos.

Desde o Departamento de Orientación, a través da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, ao comezo de cada curso propóñense unha serie de medidas de atención de carácter ordinario e extraordinario. Dentro das mesmas, recóllense a continuación as medidas adoptadas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas.

MEDIDAS ORDINARIAS

No IES de Rodeira desenvólense as seguintes medidas ordinarias:

a) Desdobramentos de grupos en 1º, 2º e 3º da ESO.

Realizaranse nas materias de lingua galega e castelán, sempre que o número total de alumnado por grupo supere os 20 alumnos e o centro conte cos recursos necesarios.

b) Reforzo educativo ordinario na aula polo profesorado de materia, ámbito ou módulo.

O alumnado que presente algunha dificultade de aprendizaxe e/ou un baixo nivel de competencia curricular. Lévanse a cabo no contexto escolar ordinario da aula e inciden sobre unha ou varias alumnas ou alumnos.

c) Exención de 2ª lingua estranxeira

O alumnado dos cursos 1º e 2º que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe poderá acollerse á exención da materia de 2ª lingua estranxeira, que poderá combinarse cun programa de reforzo nas materias instrumentais básicas.

d) Programa reforzo nas materias instrumentais básicas para o alumnado que promocióne a 2º da ESO sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais.

e) Exención da cualificación da materia de Lingua galega. Esta medida pode ser solicitada durante dous cursos pola familia do alumnado que proceda doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro.



MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

O IES de Rodeira conta, ou pode desenvolver ao longo do curso, as seguintes medidas extraordinarias:

a) Apoio especializado de PT

Os contidos esenciais das materias instrumentais terán preferencia na docencia de apoio, tanto se realiza dentro como fóra da aula ordinaria.

b) Agrupamentos flexibles ou específicos

Na ESO poderanse establecer agrupamentos específicos transitorios para apoiar máis individualmente ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, nas materias de carácter máis instrumental, e que non pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Os Grupos de adquisición de linguas e os Grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles pensados para o alumnado procedente do estranxeiro.

c) Adaptacións curriculares significativas

Alumnado que non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno unha vez esgotadas as medidas ordinarias.

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO ESTRANXEIRO QUE DESCOÑECE GALEGO E CASTELÁN

Unha das necesidades que xurdiu no noso centro no campo das linguas veu determinada pola incorporación ano a ano e nos diferentes niveis educativos que oferta o instituto (ESO, Bacharelato e Ciclos) de alumnado procedente do estranxeiro.

Esta diversidade é atendida cos recursos postos a disposición de todos os alumnos/as do centro e a maiores, coa atención específica do profesorado de apoio a estranxeiros e polo departamento de orientación.

Seguindo a normativa ao respecto na atención ao alumnado estranxeiro, e en función do seu manexo lingüístico, traballamos inicialmente cunha programación de inmersión en Lingua Galega e Lingua Castelá por espazo de polo menos tres meses que, en ocasión e polas dificultades de acceso, se poden prolongar ata seis. Neste tempo as alumnas/os permanecen co profesorado de apoio a estranxeiros adquirindo ambas linguas e só se incorporan á aula nalgunhas materias e na titoría. Reciben tamén atención polo profesorado especialista do Departamento de Orientación, en atención ás súas necesidades educativas. Cando se constata unha melloría suficiente na súa competencia lingüística, a alumna/o incorpórase ao grupo ordinario de clase pero segue ao mesmo tempo un proceso de reforzo en ambas as dúas linguas da nosa Comunidade por un espazo equivalente ao 50% do tempo que se lle asigna no curso.



Pretendemos co proceso de inmersión e de reforzo das competencias lingüísticas:

- Proporcionar ao alumnado os recursos e estratexias adecuadas para acadar a competencia comunicativa que lles permita relacionarse co seu entorno social máis inmediato e participar con normalidade no medio escolar.
- Facilitar a integración activa no grupo de referencia no menor tempo posible.
- Desenvolver o uso de estratexias e esquemas de coñecemento a partir do manexo lingüístico, como forma de conseguir unha maior autonomía persoal e eficacia na aprendizaxe.
- Poñer en contacto ao alumnado coa realidade da sociedade española, en xeral e galega en particular, favorecendo o achegamento e o contacto intercultural desde actitudes de respecto.

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE COÑECE O CASTELÁN PERO NON O GALEGO

Exención de cualificación por dous cursos sempre e cando cumpra os requisitos previstos pola normativa.

Asistencia a agrupamentos específicos nas horas de lingua galega e literatura.

Atención individualizada na aula do profesorado que imparte a docencia en galego, en función das súas dificultades.

Asistencia a apoios fóra da aula noutras horas do seu horario acordadas polo departamento de orientación, oído o profesorado.



6.- Obxectivos e Liñas de actuación para o fomento da lingua galega

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. A Constitución española no seu artigo 3 recoñece ao galego como lingua oficial de Galicia xunto co castelán e sinala que a lingua debe ser obxecto de especial respecto e protección. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego coma a lingua propia de Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelo e usalo. A lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, indicando no seu artigo 14 que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais, feito corroborado tamén no Plan xeral de normalización da lingua galega.

No ensino cómpre facilitar o emprego da lingua galega en todos os niveis non universitarios, reforzando a dimensión comunicativa do galego, proporcionándolle ao alumnado ferramentas que lle permitan percibir a utilidade da lingua galega e facilitándolle a súa capacitación para un uso correcto e eficaz da mesma.

Tendo en conta a necesidade de potenciar o uso do galego nos centros de ensino, cremos necesarios establecer os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS

- Que o alumnado aumente a súa competencia comunicativa en lingua galega.
- Que a lingua galega se converta en lingua de uso habitual do alumnado e dos distintos membros da comunidade educativa.
- Que o alumnado acade unha axeitada competencia comunicativa en lingua galega ao remate de cada unha das etapas da súa formación académica.
- Que o alumnado valore a lingua galega como expresión da identidade cultural do pobo galego.
- Que o alumnado coñeza a importancia da lingua galega como elemento de relación como medio natural que o rodea e que orixina unha cultura material asociada a ese medio.
- Que en toda a documentación xerada no instituto se empregue única e exclusivamente a lingua galega.
- Que se utilice, promova e divulgue a lingua galega en todas aquelas actividades que se leven a cabo no centro.
- Que toda a comunidade educativa teña acceso á información sobre os materias didácticas, lingüísticos e pedagóxicos en lingua galega.
- Que a comunidade educativa estea debidamente informada de todos aqueles acontecementos vinculados coa lingua e cultura galega que se celebran no centro e na súa contorna: exposicións, publicacións, concursos, debates, festivais, representacións teatrais, etc.
- Que se facilite a integración daquel alumnado que non posúa os coñecementos suficientes en lingua galega, especialmente do alumnado inmigrante se o houber.



- Que o galego, como lingua natural e propia nosa que é, sexa aceptada coma unha das máis importantes manifestacións da nosa cultura.
- Que a comunidade educativa supere os prexuízos lingüísticos que existen e se afaga a empregar a lingua galega con normalidade.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Para acadar estes obxectivos e fomentar o coñecemento e uso da lingua galega no instituto dende o departamento de Lingua galega e Literatura propóñense as seguintes liñas de actuación:

- Facilitar a aprendizaxe e mailo uso do galego a todos os membros da comunidade educativa.
- Promover campañas que cheguen a todos os membros da comunidade educativa coa intención de facer “visible” a lingua galega durante todo o curso.
- Colaborar cos distintos organismos, asociacións e entidades publicas e privadas culturais na promoción de actos de divulgación da lingua e cultura galega.
- Organizar e/ou colaborar na organización de todos aqueles actos que contribúan ao coñecemento, fomento e dignificación da lingua galega e da nosa cultura en xeral.
- Fomentar a lectura de obras literarias en galego e a exposición e debate de temas de actualidade de interese xeral.
- Promover actividades extra-escolares co fin de acadar un mellor coñecemento da realidade cultura que nos rodea e aprezoar as creacións artísticas e os lugares de interese propios.
- Potenciar o emprego da lingua galega nas novas tecnoloxías e canles de comunicación.

Estas liñas de actuacións concréntanse nun proxecto anual de fomento do uso do galego que se dirixe a toda a comunidade educativa e pretende desafiala a superar estereotipos e prexuízos lingüísticos e empregar o galego sen complexos. Sabemos que as actitudes cara ao galego son positivas e que a comunidade educativa considera o galego un patrimonio que nos distingue e enriquece e que hai que conservar. O reto ha de ser, polo tanto, actuar en consecuencia, saíndo da pasividade e do deixarse levar. Queremos ofrecer propostas para atreverse, cadaquén desde a súa realidade e ao seu ritmo: que quen nunca o fai poida comezar a falar en galego e quen xa fala en determinados contextos se anime a probar outros novos, superando barreiras mentais que hai que desmontar. Queremos facer á comunidade consciente de que, para romper cos prexuízos todos e todas temos que atrevernos a empregar o galego fóra dos patróns establecidos en épocas pasadas, esforzándonos por saír da nosa zona de confort e asumindo novos compromisos. Que o alumnado máis novo se atreva a falar galego nas aulas pero tamén na conversa cotiá; e que o alumnado adulto, que xa o fala na conversa cotiá, se atreva ao seu uso formal, a lelo e a escribilo.

E para iso traballamos desde o EDLG e desde o Departamento de galego e tamén desde a Biblioteca, desde as diferentes materias e niveis educativos, xuntando esforzos para conseguir, a través das moitas actividades propostas ofrecer contextos de uso nos que a comunidade educativa se atreva a empregar o galego, rompendo cos usos estereotipados,



superándose prexuízos e adquirindo hábito porque querer e practicar son os pasos necesarios para conseguir a competencia plena.

Entre as actividades podemos sinalar a asistencia do alumnado á representación de obras de teatro, tanto do grupo de teatro do centro coma doutras obras representadas no Auditorio, a colaboración e divulgación da revista escolar entre o alumnado, a participación en certames literarios convocados ben polo centro, ben por outras entidades, a participación en obradoiros divulgativos de poesía popular improvisada, a colaboración na celebración de todas aquelas efemérides importantes para a lingua e a cultura galega (180 aniversario de Rosalía, ano de Castelao, Día das Letras Galegas...), a realización co alumnado de diversos roteiros literarios (de Castelao en Pontevedra, de a Esmorga en Ourense, de Rosalía en Padrón, de Curros en Celanova...), a visita ao centro de diversos escritores e escritoras en lingua para dar a coñecer a súa obra literaria, a participación no Parlamento Xove, a colaboración co club de lectura “Vai de libros” e a realización da “Feira do troco” para o intercambio de libros, a organización de saídas educativas a Portugal (Coímbra, Porto), Celanova, Ourense, Illa de San Simón... etc., as exposicións orais do alumnado para os seus compañeiros aproveitando distintas temáticas, a asistencia a concertos didácticos, a realización de murais expositivas sobre a situación real da lingua galega, utilización das novas tecnoloxías para obter recursos didácticos en galego (dicionarios online, páxinas web, blogs...), a subscripción a xornais e revistas en galego, e en xeral, a organización de actividades no centro e na contorna que teñan que ver co uso e fomento da lingua e da cultura galega. E tamén outras actividades especialmente deseñadas tendo como prioridade os ámbitos de interese da mocidade (terror, amor, excursións e saídas, xogos de ordenador, facer novos amigos e amigas, redes sociais, música e festa) que procuran ofrecer contextos de uso que axuden a superar prexuízos e ofrezan unha visión do galego como lingua xuvenil e de futuro.

Traballamos desde a interdisciplinabilidade e a educación en valores para empregar todos os activos do centro na consecución dos nosos obxectivos. Preténdese a implicación de todo o profesorado que dá as clases en galego animando ao alumnado a atreverse a empregar o galego na aula; e tamén do profesorado das materias que non son en galego colaborando en actividades complementarias e extra-escolares en galego que se desenvolven no centro coordinadas pola vicedirección. E moi en especial a implicación dos titores e titoras na comunicación co alumnado e as familias e nas actividades propostas desde as titorías. Así mesmo o proxecto ábrese ao ámbito que rodea o centro, dando visibilidade á presenza do galego como lingua habitual das persoas (alumnado adulto, familias, ex-alumnado, alumnado galego-falante doutros lugares, escritores, actores, músicos...), de diferentes ámbitos sociais (asociacións socio-culturais, económicas, deportivas, institucionais...) e do mundo dixital; e invitando a alumnos e alumnas a convertérense en axentes activos de dinamización do uso da lingua galega a través do deseño de actividades creativas no centro, na rede e no contorno, conectadas aos intereses da xente nova e á idea de progreso e de futuro.



7.- Obxectivos e liñas de actuación para a mellora da comprensión e expresión en lingua castelá

OBXECTIVOS

- escoitar e comprender mensaxes orais e escritas complexas.
- Ler en voz alta un texto con pronunciación, ritmo, pausas e entoación adecuados.
- Ler comprensivamente un texto, explicar a súa estrutura e elementos básicos.
- Diferenciar as ideas principais das secundarias dun texto.
- Resumir oralmente e por escrito un texto oral ou ben escrito.
- Aplicar a comprensión de textos orais e escritos a novos procesos de aprendizaxe.
- Construír textos coherentes acorde a tipos distintos de textos (narrativos, expositivos, descritivos, argumentativos e dialogados), cumprindo coas normas básicas de escritura (coherencia, cohesión, adecuación e corrección nos textos).
- Aprender a buscar información para resolver dúbidas en libros de consulta, biblioteca e medios informáticos.
- Apreciar a lectura como vehículo de aprendizaxe de léxico, de ortografía e, en xeral, como maneira de mellorar a súa competencia lingüística.
- Presentar unha actitude crítica ante mensaxes de diferentes medios de comunicación.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Comunicación oral:

- Expoñer, con claridade e orde, textos orais.
- Respecto das normas que rexen as situacións comunicativas.
- Recoñecer distintos tipos de textos orais.
- Resumir oralmente textos escritos
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...).
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do castelán, e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Comunicación escrita:

- Resume de textos mediante distintos procedementos.



- Interese por producir enunciados correctos.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.
- Redacción de textos escritos atendendo ás principais convencións ortográficas.
- Lectura comprensiva de textos non técnicos.
- Adquisición de léxico de campos semánticos básicos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Recoñecemento, sobre usos contextualizados, dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais.

A literatura:

- Desenvolvemento de tarefas sobre diversas lecturas sinxelas e o seu contexto (etapas, cultura e ambiente literarios, etc.).
- Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Os principais xéneros literarios, e a estilística dun texto literario



8.- Obxectivos e Liñas de actuación para fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras

8.1.- Lingua inglesa

Obxectivos:

- Ampliar as seccións bilingües.
- Mellorar as habilidades lingüísticas do alumnado a partir do traballo con contextos reais (auxiliar de conversa, aplicacións móbiles...).
- Promover a formación permanente (lexislación europea).
- Visibilizar a carta Erasmus+.

Liñas de actuación:

- Traballar a partir das pautas establecidas no MCERL.
- Acercar a aprendizaxe da lingua a contextos máis reais (a partir de uso de TICs).
- Potenciar o traballo dentro dos distintos Programas Europeos (becas para o alumnado de Ciclos, posible eTwinning).
- Animar a participación en programas e/ou actividades de formación relacionadas co aprendizaxe/consolidación da lingua (programas da Xunta, outras organizacións).
- Promover a presentación a probas externas de certificación (EOI, etc).
- Aproveitar os contextos de ocio do alumnado relacionados co aprendizaxe da lingua (xogos online, etc).
- Animar ao uso efectivo da lingua a través da participación na actividade de 'pen-friends'.



8.2.- Lingua francesa

Obxectivos e liñas de actuación:

-Que incorporen o gusto polo coñecemento de novas linguas e unha disposición de tolerancia, curiosidade, respecto fronte a outras maneiras de ver o mundo.

-Que ó rematar o bacharelato sexan quen de expresarse correctamente nas linguas vehiculares da Comunidade autónoma e nas estranxeiras estudadas.

Concretados nos seguintes obxectivos Lingüísticos:

-Procurar o desdobre das aulas para o traballo oral no Primeiro Ciclo da ESO.

-Insistir para que todo o alumnado que o desexe poida cursar no centro estudos de lingua francesa (1º e ou 2º lingua) dende 1º ESO a 2º Bacharelato.

-Continuar a ofertar os “Obradoiros de adultos” dentro do Programa do “Aprendizaxe ó longo de toda a vida”.

-Potenciar situacións de comunicación real con falantes nativos: teatro, contacontos, visitas ó centro, visitas culturais, etc.

-Reforzar a lecto-escritura, a expresión e comprensión oral na 2º lingua estranxeira, traballando coas TICs, os DDMM e creando evidencias de natureza diferente.

-Deseñar, planificar e implantar actividades que, empregando os materiais dispoñibles na aula, na rede, na biblioteca... creen un clima positivo entre o alumnado.

-Traballar con Portfolios e/ou E-portfolios nos que o alumnado amose o que é quen de facer en lingua meta: Agueiro, Mahara, Blogues (Blogue ou Wordpress).

-Potenciar o traballo por proxectos nas liña desenvolta nos últimos cursos: (Proxecto Europeo Eufolio, Proxecto Entels, Proxecto ATS2020)

-Implementar os contactos con socios europeos mediante a participación en eventuais proxectos eTwinning.

-Continuar a reforzar as relacións internacionais das docentes do departamento mediante estadias no estranxeiro, job shadowing ou impartición de formacións.



E nos seguintes obxectivos culturais:

-Coñecer outras culturas e realidades vehiculadas coa lingua meta obxecto de estudo na aula, que esperten o seu interese e curiosidade e enriquecer, deste xeito a súa competencia pluricultural.

-Potenciar o traballo en equipo, como favorecedor de estratexias de mediación, de actitudes de respecto e colaboración e de relacións interpersoais.

-Asistencia ás actividades teatrais que, en francés, se leven á cabo no Auditorio de Cangas, para potenciar o coñecemento de dramaturgos galos de renome internacional.

-Consolidar a presenza das linguas estranxeiras na vida académica do centro como lingua de uso.

Neste sentido:

a.- Visibilización da “Carta Erasmus de Educación Superior” (ECHE) e dos carteis plurilingües situados no centro.

b.-Realización de exposicións ou traballos culturais puntuais que, saíndo da aula, amosen á realidade francófona a todo o centro.

c.- Celebración de efemérides internacionais, francófonas e francesas, como “Día europeo das linguas” (26 de Setembro), “Día Internacional da tradución”, (30 de Setembro), Semana da francofonía”, así como festas emblemáticas: “Poisson d’avril”, “Saint Nicolas”, L’armistice”. Etc.

d.- Celebracións anuais dun “hito cultural francés”: gastronomía, canción, cine, cómic, poesía, pintura, etc.

Liñas de actuación:

A.- Para a mellora da competencia lingüística.

-Incrementar as situacións comunicativas en lingua meta, de xeito cuantitativo e cualitativo.

Na clase de FLE a lingua empregada é o francés. No caso de problemas de comprensión empréganse diferentes estratexias sendo a tradución (ó castelán ou ó galego) o último recurso. Fanse “guiños lingüísticos e/ou culturais” para que os discentes comprendan as similitudes e diferenzas entre as 3 ou 4 linguas obxecto de estudo.

Favorecerase o estudo oral e escrito da lingua; potenciase a repetición, mais tamén o emprego progresivo de actividades semidirixidas ou libres nas que o alumnado amosa as súas competencias (creatividade, aprender a aprender, etc).

-Animar ó alumnado a presentarse a exames oficiais (EOI e DELF-DALF) axudándoo con material complementario.



-Potenciar o uso oral e escrito do francés na actividade académica, ó aportar o noso “gran de area” nas diferentes actividades propostas dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega, a Biblioteca ou calquera outro colectivo do centro.

-Valorar os proxectos europeos que potencien o traballo da competencia lingüística e o contacto con interlocutores doutros países. Seguir a participar nos que sexan de interese do departamento.

-As docentes do departamento están abertas a coordinar seccións bilingües no centro nas que o francés sexa a lingua instrumental.

B.- Para a dinamización da vida cultural:

-Promover contactos con interlocutores de países francófonos (visitas de franceses que viven en Cangas, proxectos europeos centralizados, Etwinning, eventuais visitas de estudo...)

-Animar ó alumnado do centro a participar nos programas de actividades de formación de linguas, de mobilidade individual no estranxeiro, etc.

-Dinamizar actividades vinculadas coas festividades francófonas tradicionais.

-Visibilizar aspectos senlleiros da cultura francófona: exposicións, festas, xantares de pratos típicos....

- Potenciar actividades culturais relacionadas co francés.



9.- Obxectivos e Liñas de actuación para o fomento das linguas desde a Biblioteca

Organización e xestión

A biblioteca está atendida por profesorado que fai garda nas horas lectivas e mais no tempo de lecer. Asemade, a persoa coordinadora atende o seu labor con horas de disposición específicas dentro do seu horario lectivo.

Contamos cun grupo de apoio á biblioteca duns dez membros e tamén coa colaboración de profesorado en cuestións puntuais.

Preténdese:

1. Garantir a dispoñibilidade dos documentos e o bo funcionamento da biblioteca.
2. Actualizar o listado de lectores co novo alumnado.
3. Actualizar o arquivo de fondos.
4. Seguir equilibrando o fondo coa compra de materiais de consulta adaptados ao alumnado do centro.
5. Mellorar algunha das seccións que temos: patrimonio artístico e natural galego, consumo, arte, educación, tecnoloxía, literatura, cine e xogos didácticos.
6. Continuar coa clasificación pola CDU dos fondos documentais dos departamentos, aulas, sala de profesores, laboratorios, etc
7. No exterior da biblioteca, crear unha zona de fondos para lectura dos pais.
8. Realizar varias reunións informativas con todo o profesorado para explicar a súa organización e funcionamento.
9. Implicar na súa xestión ó alumnado.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

- Apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe mediante a colaboración cos diferentes departamentos na elaboración de proxectos documentais integrados.
- Apoiar dende a biblioteca as conmemoracións ou celebracións do centro: Día das Bibliotecas Escolares, dos Dereitos Humanos, da Paz, da Muller Traballadora, da Poesía e das Árbores, do Teatro, Día escolar das Matemáticas (papiroflexia, xogos de enxeño, concurso de pasatempos matemáticos, ...), do Libro e das Letras Galegas,...
- Colaborar nas actividades organizadas polos departamentos: Xornadas "Agostiño Entenza", Semana da Ciencia e en todas aquelas nas que se solicite apoio da biblioteca



- Educación no acceso á información, é dicir, aprenderlle ao alumnado, a través dos medios cos que conta a biblioteca, o tratamento da información e mais a competencia dixital
- Fomento da lectura da prensa diaria escrita ou en formato dixital.

Formación de usuarios e e a adquisición da competencia informacional

- Organizar unha visita á biblioteca municipal máis próxima co alumnado do centro, maiormente os niveis máis baixos da ESO.
- Manter ao noso alumnado informado das programacións das bibliotecas do concello.
- Realizar visitas á nosa biblioteca por departamentos de tal xeito que todo o profesorado saiba do manexo e distribución dos fondos así como dos fondos da súa área en particular.
- Realizar visitas á nosa biblioteca por grupos e con titores para adestralos no manexo e localización dos fondos.
- Implicar cada vez máis ao alumnado na xestión da biblioteca encamiñándoos cara ao autopréstamo e propoñendo actividades dentro da mesma executadas por eles (exposición semanal de libros que máis gustaron, listados de libros que hai que ler,...)
- Adestrar o noso alumnado na lectura en formato electrónico: guíalos polo Centro Virtual Cervantes, pola Biblioteca Dixital Europea, pola biblioteca dixital de Google, pola Wikipedia, ensinarlles a comprender o hipertexto, a manexar libros electrónicos, ...

Fomento da lectura e o desenvolvemento do Plan Lector

- Colaborar na posta en marcha e revisión do Proxecto Lector de centro e no deseño do Plan Anual de Lectura.
- Colaborar tamén na realización do Proxecto Lingüístico de centro.
- Realizar exposicións de libros sobre as temáticas que se van tratar e sobre estratexias motivadoras: libros prohibidos, libros personalizados (regalados, dedicados, cun personaxe co que identificarse,), para dar a coñecer as novidades e os fondos menos utilizados.
- Recomendar lecturas nas aulas e promocionar o Club de Lectura entre o alumnado.
- Participar na xornada de portas abertas dirixida ao novo alumnado e ás súas familias.
- Acadar un tempo de lectura libre o máis grande posible en todos os cursos da ESO, ampliando a Hora de Ler e levando a lectura ás horas de titoría e no tempo en que falta profesorado.
- Elaborar guías de lectura temáticas: para quen le pouco, para quen "le mal", ...
- Promocionar o Club de Lectura abríndoo o máis posible a toda a comunidade educativa.
- Espallar o acto lector polas aulas aproveitando conmemoracións como Día da Poesía, Día do Libro, aniversarios de escritores,.....



- Promocionar a autores/as relacionados directamente coa península do Morrazo onde se ubica o centro.
- Organizar actividades de achegamento ao fondo dende a oralidade: recitais públicos, lecturas dramatizadas, achegamento ós clásicos da literatura galega (gravacións, ...)
- Potenciar a visita de autores, ilustradores, tradutores,
- Colaborar coa campaña de Dinamización Lingüística para incentivar a compra e o regalo de libros galegos no Nadal.
- Continuar coa “Feira do Troco” (mercado para facilitar o intercambio de libros) cambiando os que se doen voluntariamente por vales cos que se poderá adquirir algún dos libros doados por outras persoas) .
- Ofertar todas as fins de semana lecturas e películas para aproveitar o tempo de lecer.
- Publicar listado de recomendacións de lectura para os períodos vacacionais (Nadal, Pascua, verán), tanto en papel coma no blog.

Os obxectivos que se propoñen desde os Departamentos de linguas respecto á súa contribución ao Plan Lector do centro quedan recollidos nas súas respectivas Programacións Didácticas.

Actividades para fomentar e gusto pola literatura como fonte de pracer

- Referencia constante nas clases, a o fío da explicación da materia, por parte do profesorado, a mundos e ideas contidas en libros axeitados ao nivel do alumnado, para fomentar a súa curiosidade.
- Promover as recomendacións de títulos entre o alumnado.
- Levar aos alumnos á Biblioteca ciclicamente para ensinarlles libros que poidan ser do seu interese e integrar os títulos escollidos no programa da materia.
- Club de lectura: Favorecer a reflexión compartida sobre o libro lido coa fin de desenvolver a capacidade de formar criterio lector.
- Organizar encontros ou charlas con autores, preferentemente de obras que os alumnos leran previamente.
- Lectura dramatizada de textos teatrais a cargo dos propios alumnos.

Actividades para potenciar a capacidade de investigación:

- Xogos de pistas ou concursos que permitan introducir ao alumnado nas técnicas de investigación dun modo lúdico.
- Facer exposicións orais ou traballos escritos sobre autores ou aspectos de obras concretas, para os que se favorecerá o uso das TIC, por exemplo as consultas de internet ou os formatos



tipo Power Point. Actividades para promover o coñecemento da tradición literaria e de autores concretos.

- Lectura dun ou dous libros por avaliación, a partir dunha lista ampla de títulos que recolla os diferentes gustos, intereses e capacidades dos alumnos. Procurarase alternar textos contemporáneos con títulos clásicos e fomentar a reflexión estética sobre eles.

- Lectura comentada de obras de diverso tipo

- Comentario literario de fragmentos de obras.

- Composición de textos de intención literaria.

- Elaboración de breves investigacións sobre aspectos concretos do temario.

Outras actuacións

- Mantemento e uso didáctico do blog da biblioteca.
- Seguir co noso perfil de Facebook que cada vez vai gañando máis amizades.
- Integración progresiva do alumnado en áreas de xestión da biblioteca.



10.- Avaliación

Ao remate de cada curso procederase a unha avaliación ne que se teñan en conta os seguintes aspectos:

Apartados a avaliar:

- Grao de desenvolvemento dos obxectivos propostos.
- A realización das actividades.
- Os recursos dos que se dispuxo.
- Nivel de participación nas actividades.
- A metodoloxía empregada.

Utilización dunha serie de indicadores como:

- Nivel de participación de toda a comunidade educativa nas actuacións deseñadas.
- A implicación das familias no desenvolvemento do PLC.
- Grao de adecuación das medidas organizativas e/ou materiais didácticos empregados.

Procedemento de avaliación:

- Cuestionarios dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa.

Anualmente, elaborárase una Addenda do PLC que se incluirá na Programación Xeral Anual do centro, na que conste:

- As modificacións na impartición das materias.
- A valoración dos programas e actividades do EDLG e os diferentes departamentos de linguas.
- Seguimento dos resultados da aplicación do PLC coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquire de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa.



ADDENDA PARA O CURSO 2018-19

Distribución de horas das distintas materias

ESO

No artigo 7 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese a distribución das linguas entre as diferentes materias.

- Establécese que as materias de lingua impártense na lingua de referencia.
- As **materias impartidas en galego son Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía.**
- As **materias impartidas en castelán son Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.**

O resto das materias se distribúen na mesma porcentaxe de sesións semanais en galego e castelán (50%, cunha diferenza máxima de dúas sesións).

1º ESO

- Docencia en galego en Oratoria, Relixión Católica e Valores Éticos.
- Docencia en castelán en Educación Física e Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

2º ESO

- Docencia en galego en Educación Física, Investigación e tratamento da Información, Música, Relixión Católica e Valores Éticos.
- Docencia en castelán. Non hai materias extras.

3º ESO

- Docencia en galego en Cultura Clásica, Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Relixión Católica e Valores Éticos.
- Docencia en castelán en Música.

3º ESO PROGRAMA DE MELLORA

- Docencia en galego en Cultura Clásica, Educación Física, Relixión Católica e Valores Éticos.
- Docencia en castelán en Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual.



4º ESO A, B

- Docencia en galego en Cultura Científica, Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Relixión Católica e Valores Éticos.

- Docencia en castelán en Música, TIC, Economía e Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial.

4º ESO C

- Docencia en galego en Cultura Científica, Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Relixión Católica e Valores Éticos e Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial.

- Docencia en castelán en Música, TIC, Economía e Latín.

BACHARELATO

No artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que se establecerá unha oferta equilibrada na distribución das linguas entre as diferentes materias.

1º BACH A. B

- Docencia en galego en Anatomía Aplicada, Bioloxía e Xeoloxía, Cine e Realización Audiovisual, Cultura Científica, Educación Física, Filosofía, Lingua galega e literatura I, Oratoria, Relixión Católica e TIC I.

- Docencia en castelán en Debuxo Técnico I, Física e Química, Lingua castelá e literatura I, Matemáticas I, Linguaxe e práctica musical e Tecnoloxía Industrial I.

1º BACH C

- Docencia en galego en Cine e Realización Audiovisual, Cultura Científica, Debuxo Artístico I, Educación Física, Filosofía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo, Latín I, Lingua galega e literatura I, Oratoria, Relixión Católica e TIC I.

- Docencia en castelán en Economía, Física e Química, Lingua castelá e literatura I, Matemáticas I, Linguaxe e práctica musical, Literatura Universal e Tecnoloxía Industrial I.

1º BACH D

- Docencia en galego en Anatomía Aplicada, Bioloxía e Xeoloxía, Cine e Realización Audiovisual, Cultura Científica, Educación Física, Filosofía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo, Latín I, Lingua galega e literatura I, Oratoria, Relixión Católica e TIC I.

- Docencia en castelán en Debuxo Artístico I, Economía, Física e Química, Lingua castelá e literatura I, Matemáticas I e Linguaxe e práctica musical.



2º BACH A

- Docencia en galego en Bioloxía, Deseño de Prototipos, Electrotecnia, Historia de España, Lingua e literatura galega II, Relixión Católica e TIC II.
- Docencia en castelán en Cine e literatura, Lingua castelá e literatura II, Matemáticas II, Química e Tecnoloxía Industrial II.

2º BACH B

- Docencia en galego en Ciencias da Terra e do medioambiente, Debuxo Técnico II, Deseño de Prototipos, Historia de España, Lingua e literatura galega II, Relixión Católica, TIC II e Xeoloxía.
- Docencia en castelán en Electrotecnia, Física, Lingua castelá e literatura II, Matemáticas II, Química e Tecnoloxía Industrial II.

2º BACH C

- Docencia en galego en Bioloxía, Ciencias da Terra e do medioambiente, Debuxo Técnico II, Deseño de Prototipos, Historia de España, Lingua e literatura galega II, Relixión Católica, TIC II e Xeoloxía.
- Docencia en castelán en Cine e literatura, Electrotecnia, Física, Lingua castelá e literatura II, Matemáticas II, Química e Tecnoloxía Industrial II.

2º BACH D

- Docencia en galego en Debuxo Artístico II, Historia da arte, Historia da filosofía, Historia de España, Lingua e literatura galega II, Relixión Católica, TIC II e Xeografía.
- Docencia en castelán en Cine e literatura, Grego II, Latín II, Lingua castelá e literatura II e Matemáticas II.

CICLOS FORMATIVOS

No artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que se establecerá unha oferta equilibrada na distribución das linguas entre as diferentes materias e módulos que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

- C.B. SERVIZOS ADMINISTRATIVOS. 1º

- Docencia en galego en Comunicación e sociedade I e Técnicas administrativas básicas.
- Docencia en castelán en Arquivamento e comunicación, Ciencias aplicadas I e Tratamento informático de datos.

- C.B. SERVIZOS ADMINISTRATIVOS. 2º



- Docencia en galego en Comunicación e sociedade II e Aplicacións básicas de ofimática.
- Docencia en castelán en Atención á clientela, Ciencias aplicadas II e Preparación de pedidos e venda de produtos.
- **C.M. XESTIÓN ADMINISTRATIVA 1º**
- Docencia en galego en Formación e Orientación Laboral e Tratamento informático da información.
- Docencia en castelán en Operacións Administrativas da Compravenda, Operacións auxiliares de xestión de tesourería e Técnica contable.
- **C.M. XESTIÓN ADMINISTRATIVA 2º**
- Docencia en galego en Comunicación empresarial e atención á clientela, Empresa e administración e Operacións administrativas de recursos.
- Docencia en castelán en Empresa na aula e Tratamento da documentación contable.
- **C.M. INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS 1º**
- Docencia en galego en Formación e Orientación Laboral, Instalacións de megafonía e sonorización e Instalacións de radiocomunicacións.
- Docencia en castelán en Electrónica aplicada, Equipamentos microinformáticos e Instalacións eléctricas básicas.
- **C.M. INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS 2º**
- Docencia en galego en Circuito pechado de televisión e seguridade, Empresa e iniciativa emprendedora, Infraestruturas comúns de telecomunicacións e Infraestruturas de redes de datos e sistemas de.
- Docencia en castelán en Instalacións domóticas.
- **C.S. ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS 1º**
- Docencia en galego en Formación e orientación laboral, Fundamentos de hardware, Implantación de sistemas operativos, Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de e Xestión de bases de datos.
- Docencia en castelán en. Planificación e administración de redes.
- **C.S. ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS 2º**
- Docencia en galego en Administración de sistemas xestores de bases de datos, Empresa e iniciativa emprendedora e Implantación de aplicacións web.
- Docencia en castelán en Administración de sistemas operativos, Seguridade e alta dispoñibilidade e Servizos de rede e internet.



- C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

- Docencia en galego en Comunicación e atención á clientela, Formación e orientación laboral e Ofimática e proceso da información.
- Docencia en castelán en Proceso integral da actividade comercial, Recursos humanos e responsabilidade social, Xestión da documentación xurídica e Xestión financeira.

- C.S. SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS E INFORMÁTICOS

- Docencia en galego en Formación e orientación laboral, Redes telemáticas e Sistemas informáticos e redes locais.
- Docencia en castelán en Xestión de proxectos de instalacións de.

- C.S. DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB

- Docencia en galego en Formación e orientación laboral e Linguaxe de marcas e sistemas de xestión de.
- Docencia en castelán en Bases de datos, contornos de desenvolvemento, Programación e Sistemas informáticos.

RÉXIME DE ADULTOS

No artigo 10 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, recóllese que o centro garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

EBI I

- Docencia en galego en Ámbito da ciencia, sociedade e tecnoloxía I e de Ámbito da comunicación I
- Docencia en castelán en Ámbito da competencia matemática I.

EBI II

- Docencia en galego en Ámbito da ciencia, sociedade e tecnoloxía II, Ámbito de desenvolvemento e iniciativa e de Ámbito da comunicación II.
- Docencia en castelán en Ámbito da competencia matemática II.



1º, 2º ESA

- Docencia en galego en Ámbito de comunicación e Ámbito social.
- Docencia en castelán en Ámbito científico tecnolóxico.

3º, 4º ESA

- Docencia en galego en Ámbito de comunicación e Ámbito social.
- Docencia en castelán en Ámbito científico tecnolóxico.